

0
TAN LONXE, TAN PRETO

Aeroporto Internacional Zia (Bangladesh)

Na ategada terminal, as colas de viaxeiros, homes, mulleres e meniños de todas as razas e cores, eternízanse diante dos mostradores, insuficientes para acolleren semellante enxurrada humana na hora punta do día.

—Spain, of course! Spanish football is good, very good —o policía da cabina de control de documentos para estranxeiros lánzase a falar repentinamente, en canto ve a tapa do pasaporte.

—A nós tamén nos gusta o fútbol. Moi boa a selección española —repite o uniformado, mentres teclea con dous dedos nun teclado arcaico. Ao viaxeiro cús-talle descifrar o seu pésimo inglés, tinguido do fechado acento do delta do Ganxes—. O meu favorito é Torres, moi bo, Torres, e o seu?

—Como di, o meu que?

—O seu xogador favorito. Fútbol. Non lle gusta?

—Claro que si. Casillas, por suposto. O mellor porteiro do mundo —O viaxeiro apenas se interesa polo fútbol, pero sabe catro tópicos que poden valer para semellantes situacións. Lévanlle dado bo resultado nos

días anteriores. Por agora todo ben, pensa, mentres pregunte de fútbol e non de...

—De onde vén vostede? —inquire o seu interlocutor, deixando de ollar a pantalla. O viaxeiro non sabe que pensar dunha pregunta tan repentina e directa. Abandonaríao a sorte tan axiña? Á desesperada, tenta manter a compostura, obrígase a erguer a ollada cara ao policía ataviado de turbante, coma os das restantes cabinas.

Agora está moi nervioso, e ten medo de delatarse.

—Dacca —contesta o viaxeiro, case rápido de máis, coma se estivese agardando a pregunta.

—Dacca —repíte o policía, mirando os papeis—. Dacca. Só Dacca. Todos veñen de Dacca. Non estivo en Naria?

—Non. Veño de Dacca —repíte o home, cada vez máis desconfiado—. Dacca!

—Claro, Dacca. Shashanka Hotel —mira un impreso—. Xa vexo...

—Podo seguir ou non? —o home ve como, nas outras cabinas, as colas van correndo e pasa a xente. E maldise por non dar refreado a súa impaciencia.

Mais o seu policía particular, bigote mesto, pel escura, mans grandes, semella ter consigo toda a calma do mundo. Non lle devolve os papeis nin o pasaporte.

—Por qué tanta présa, o seu avión aínda sairá dentro dunha hora. Só lle preguntei se foi a Naria! —a súa mirada é agora desafiante, o viaxeiro séntese pillado.

—Naria? Non sei onde é Naria. Eu vin de vacacións aquí, se cadra leváronnos alí nalgunha das excursións programadas, eu que sei...

—Programadas, excursións? Como é iso?

—*Tours*, quero dicir, *tours* turísticos —aclara o viaxeiro, contendo un xuramento. Tívolle que tocar precisamente este furafollas, que por riba non se aclara.

—Claro, un *tour*, xa entendo. Agora hai *tours* a Naria. Somos un país turístico. Non me estraña, non —torna a bater no teclado coma se tocase o tamboril—. Non sabía deses *tours* a Naria. Claro, é tan típico... Por que non o dixo antes? Gustoulle Naria?

—Non dixeran que fora a Naria. Non sei se fun ou non. Fun a moitos *tours* nesta viaxe. Non sei se fun a Naria nun *tour* ou se non fun —o viaxeiro tenta ser compracente, por máis que se sinta burlado e furioso, a piques de perder a paciencia.

—Non sabe se foi a Naria. E por que non había de ir? Todos os europeos van a Naria. Sobre todo os xornalistas. Vostede é xornalista?

—Non son xornalista, son experto en comunicación. Ou sexa... Tanto ten, a miña ocupación está no pasaporte. Escoite: ten algo contra min, ou podo seguir? Teño présa.

O policía encolle os ombreiros, na súa face un ricto de fastío.

—Présa, présa. Sempre con présa, sempre a mesma leria. Para que lles valerán tantos euros? Acougue, vai moita calor, pode darlle algo.

O viaxeiro maldí outra volta interiormente todo canto hai no mundo, e todo canto hai nesta parte do mundo en particular, na oriental.

Toca o seu teléfono móbil, sen sacalo, no peto exterior da americana. Está a piques de marcar a memoria 1 sen tiralo para fóra. A memoria 1 é o número dun co-

lega do Consulado español, que sabe algo do que vai a cousa.

De súpeto, o policía estampa un carimbo no pasaporte e devólvello.

—Velaí o seu pasaporte, señor Morán. Esperamos que tivese unha boa estadía no noso país.

—Tiven, grazas —o viaxeiro recolle o pasaporte, coma se se liberase dun peso infinito.

O policía ri a medias. Dille, como non querendo:

—Por certo, xa sei que non estivo en Naria, pero aínda así, lembre algo cando chegue a Europa: Non todos neste país somos coma a xente de Naria.

O viaxeiro non sabe que contestar. Non as ten todas consigo aínda.

Apura o paso e pérdese na escaleira mecánica buscando a porta de embarque.

Nota a mirada do policía cravada nas súas costas.

O medo, o noxo, o peso do que leva consigo.

Polígono industrial do Tambre, Compostela

—Toño, ponme un cortado! —di o home que entra na cafetería.

Outro home, sentado, ergue a vista ao recoñecer a voz:

—Home, Óscar! Que é da túa vida?

—Ramiro Casais! Esta si que é boa! Que fas por aquí?

—Xa ves, vendendo rozadoras industriais, vaia cousa! Que vou facer, logo? E ti, segues na imprenta?

Aeroporto



—Aínda te acordas de onde traballo? Mira que levaba anos sen te ver, Ramiro...

—Pero ti non estudaras para enxeñeiro de camiños?

—E que lle queres, a fodida crise dos collóns. Decidín plantar e meterme no do meu pai. Total, para acabar igualmente de viaxante, aforro o doutoramento. Senta onda min, ou levas moita présa?

—Hoxe é un día de moito traballo, aínda que podo parar un pouco —arrima unha cadeira e senta.

—Pois que sorte tes!

—Sorte de que, Ramiro? Estás de carallada?

—Sorte de ter moito traballo. Hoxe en día. Nestes tempos. Quen puidera dicir o mesmo ca ti. Eu para chegar aos mínimos e cubrir gastos, paso mil apuros. Isto vai de rabo, meu. O que vendía nun trimestre, hai dúas tempadas, agora malamente o dou feito nun ano.

—Non penses que o meu choio é moi distinto. O que pasa é que as eleccións son dentro de dous meses, e xa sabes: para iso sempre hai cartos. Despois xa veremos se cobramos.

—Non o cobrades por adiantado, logo?

—Iso é o que debiamos facer, cobrar todo por adiantado. Xa llo digo eu ao dono. Pero tal como andamos, con tanta competencia que hai, calquera se arrisca a perder un cliente sequera...

—Pero ti estabas moi metido no negocio, Óscar. Eras dos que se matan a traballar, e vistes ben, coa túa gravata e todo. Aínda non es o dono da imprenta?

—De momento son encargado, e grazas. Levo unha participación nos beneficios, pequena. E tan bo día, aínda que non hai moitos beneficios que digamos.

—Dimo a min, que se cadra este ano levo un ERE coma un pan. Xa ves, aos meus anos e cun ERE. A min soábame iso, aínda onte mesmo, a cousa de vellos.

—Pero a empresa non era de teu pai, Ramiro, non dicías iso?

—Era. Pero o meu vello tivo que vendela, machiño! Que lle queres? Comigo e co resto da familia dentro. E ao fulano que a mercou tanto lle ten unha cousa coma a outra, abrir ou botar a persiana. Se no ERE lle dan máis cartos dos que ingresa con ela funcionando, santo remedio. Nin o pensa...

—Cala, oh, Ramiro, que imos acabar chorando.

—Vaiche boa!, falamos de mulleres, logo. Viches que boa está a desa mesa?

—Cal?

—Cal vai ser, a do traxe escuro, na mesa da túa dereita. A que está cos dous tipos de traxe. Ten unha dianteira que nin a do Barça. Saudáchela ao chegar, ou pareceume.

—Ah, esa. É Anahí Sousa, a directora da área de negocios da Caixa. Coñézoa do traballo. Esa levanta máis euros ao mes que nós os dous xuntos...

—Con ese corpo non me estraña que levante calquera cousa. Pero eu con ela non perdería o tempo facendo números, fóra do sesenta e nove. Unha muller coma ela traballando na banca! Que maneira de estrañar o talento! O ben que estaría noutro lado que eu sei.

—No lado de baixo teu. Non, Ramiro?

—Aínda que fose no de riba non me importaba.

—Pois eu, as mulleres sempre debaixo.

—Si, cada un ten a súas preferencias. Non, Óscar?

—Home, non! Pero no de que ten boa dianteira coincidimos—Óscar mira o reloxo—. Carallo, que tarde é, pois xa me teño que ir.

—Acouga, ouh! Aínda non che preguntei pola familia. Que tal Esther? Segue tan guapa coma sempre? Óscar fulmínao coa mirada.

—A que che mando unha hostia, Ramiro. Ándala buscando! Que carallo tes ti que dicir da miña muller? De que coñeces ti a Esther?

Ramiro está desconcertado, non entende nada.

—Que che pasa, Óscar? Toleaches de repente?

—Pásame que che vou partir a cara, merdento! Nin a amentes, oes? Nin a amentes!

—Pero que dis, oh? Se só a vin aquela vez contigo. E xa pasaron anos... Seguro que se a vexo diante, nin a coñezo.

—Entón, como te lembrás tan ben dela? E do seu nome! Non o dubidaches nin un instante. Por iso me chamaches para falar, non, cabrón? Que tiveches ti con Esther?

—Óscar, fai o favor...

—Que carallo tiveches con Esther? Fala!

Aeroporto de Barajas. Pasaxeiros en tránsito

Eduardo Morán case non deu pegado o ollo en toda a viaxe, estaba excitado de máis. En Bangladesh atopou o que tanto procurara. Unha exclusiva absoluta. Total. Agora vén o máis complicado: colocar o xénero. Pero xa ten unha idea da agra onde colleitar. Case estivo a

piques de perder o control á saída, no aeroporto. A tensión do momento podía con el. Por sorte, os nervios non o delataron. Agora, seguro no avión, sabe que na aduana española non terá problemas. A fin de contas, o que leva é só un *pendrive* corrente e vulgar, unha tarxeta de memoria entre moitas outras, no peto dun turista calquera. Puido mandalo por correo electrónico, pero Eduardo non se fía da rede para certas cousas. Nunca se sabe se pode chegar a ver os correos alguén con quen non se conte. Mellor así, levalo con un. É o máis seguro. Agora o que importa é chegar a Barajas, chamar a Raúl para que o espere e facer unha copia de seguridade canto antes. Porque por agora só hai unha. Todo sairá ben, matina. Ten que saír ben. Leva moitos anos tras dunha cousa coma esta. Con todo, a ansia non o deixa acougar durante case toda a viaxe.

Finalmente, tras horas esquecidas escoitando de fondo o zumbido dos motores, esgotados os comprimidos de Tranquimazin, sen saber como colocarse no asento para poder relaxar o corpo, aborrecido dos filmes espantosos do repertorio de a bordo, adormeceu de puro cansazo.

O aviso da aterraxe, longo tempo agardada, veu acordalo.

Mais a toma de terra fíxose esperar. Señores pasaxeiros, por conxestión nas pistas... Tantas horas desde Asia, e por riba estas lerias ao chegar sobre Madrid. O que faltaba. E aínda por riba sen poder chamar a Raúl en toda a viaxe, polo raio do desfase horario. Eduardo dálle moitas voltas á cabeza. Só faltaría que alguén se adiantase e lle pisase a primicia.

E xusto agora, cando por fin podía chamalo, avísano de que non pode facer uso do móbil.

—Por favor, espere a tomar terra —indícalle a azafata. Espere, espere, espere... eterno leixaprén, perpetua ladaíña.

As rodas tocan a meseta castelá. Todo o mundo aplaude, coma se acabara unha peza de teatro. Outro ritual badoco. Eduardo preme o botón do seu móbil. Unha voz impersoal decepciónao outra volta. O número marcado non se atopa dispoñible neste momento. Por favor, inténteo máis tarde.

O avión parece non querer chegar nunca á terminal catro. Os pasaxeiros érguense, antes de que o avión free de todo, e comezan a apañar a equipaxe de cabina.

Eduardo Morán incorpórase, mareado polo *jet lag* e confuso. Todo foi tan estraño. O único certo é que se a cousa sae ben vai ser unha bomba. Mira o reloxo, o tempo fáiselle eterno. Xa hai case un cuarto de hora desde que aplaudiron. A maldita terminal non dá chegado nunca.

Entran na sala de recollida de equipaxes. Tenta a chamada outra volta. Desta vez contesta Raúl. Non era sen tempo!

—...

—Onde carallo te metiches, eh? Non che dixen que chegaba hoxe? Xa te chamei polo menos vinte veces.

—...

—Que non sería para tanto, Raúl? Hostia se foi! Non me veñas agora con esas.

—...

—Si, téño. Un diamante en bruto, dígocho eu!

—...

—Que como o saquei de alí? Como había de sacalo? Botándolle o que lle había que botar... A ti que che parece? Home, non.

—...

—Espérame en Lavacolla, chego ás dez da noite. Nin unha palabra disto a ninguén, entendido? Trae o Mac, o de editar, contigo. Temos que facer unha copia canto antes, por se acaso.

—...

—Como dis? Non, a Bergondo imos mañá pola noite. Cando non haxa ninguén. Entendes?

—...

—E escoita: a boquiña fechada, eh?

—...

—Nin a el sequera, sobre todo a el nin unha palabra. Oficialmente estiven de vacacións, en Tailandia. Iso foi o que lle dixen, non lle vaias saír ti con outra cousa.

—...

—Que pense o que queira, a min tanto me ten. Masaxes ou mariconadas, cres que me importa? Desta voulle dar porta, se todo sae ben. E ten que saír. Xoguei o peullo. Pero desta tocounos a lotería.

—...

—Xa falamos, corto. Estate alí coma un cravo! Non me falles, Raúl. Esta é a nosa.

—...

Cando colga o teléfono séntese ben, case o dono do mundo. Imaxina a cara de Raúl cando mire o que trouxo da viaxe, e gózaa por anticipado.

Lé-L. Obradoiro de Arquitectura. Rúa Rosalía de Castro (Santiago de Compostela)

—Mira, Laura, non me amoles! Xa sabes o que esta empresa dá de si. Se agora queres ter un fillo alá ti, pero a min non me veñas pedindo favores. Isto non é unha empresa de beneficencia. Aquí estamos para gañar cartos; e se ti non queres facer o teu traballo, pois vale. Busco outra persoa para o teu posto e xa está. Fin do conto!

A moza, parada de pé, diante da mesa de despacho do seu interlocutor cunhas carpetas nas mans, parece decepcionada.

O home, duns corenta e cinco anos, óllaa, con desafío na mirada.


—Desde logo, Luís. Como es. Isto é o último que esperaba que me dixeses. Cos anos que levo aquí, e nunca faltei nin un día.

—E logo, que esperabas?

—Non tes dereito a falarme así. Só sería mes e medio de baixa, como moito. Nin sequera collería os catro meses aos que teño dereito. Se cadra nin iso: só o que tarde en dar a luz, e arranxar con quen deixar o neno.

—Falas do neno. Xa sabes que é neno, logo?

—Aínda non se pode saber. Por agora non, Luís. Só era un xeito de falar. Neno ou nena, o que sexa. En todo caso, só estaría sen vir aquí o tempo mínimo. O imprescindible para amañar as cousas para que alguén me coide do neno. Ou da nena, o que



sexa. Mayra, a miña irmá pequena, tamén me pode botar unha man. Veu rematar a universidade aquí, agora vive comigo.

—Déixate de lerías, Laura. Xa sabías o que hai. O primeiro que che preguntei cando chegaches, hai anos, foi se tiñas cargas familiares.

—Claro, para poder poñerme o horario á túa comenencia. Tamén te aseguraches de que tivese a titulación que querías. Así, e sendo muller, podías pagarme menos. Non hai tanta xente que a teña.

—Aí non tes razón: daquela non había, pero agora sobran técnicos coma ti, a patadas. Descolgo o teléfono, e aparecen cinco en media hora. Ou se non, chamo a unha empresa de traballo temporal...

—Luís, ninguén que che manden dunha ETT podería facer o traballo que eu fago, aínda que teña o título. Tardaría meses en aprender.

—Mira, Laura, xa me estás fartando. Fixécheste sindicalista, ou que? Non sei que raio se vos meteu na cabeza a todas, estades por amolar. Ademais só tes vinte e nove anos, non? Aínda es moi nova para ter un neno! Sóbrache o tempo máis adiante. Que di Eduardo disto?

—A Eduardo non o metas por medio. Son cousas miñas! Ademais, cando naceu o teu fillo o ano pasado, así como chegou Helena á casa, marchaches un mes de visita de obras para Alemaña; tiven que facer eu todo o traballo: o teu e o meu! Cobrando o mesmo de sempre. E cantos anos ten a túa muller, xa que estamos? Vinte e catro? Logo ela non é nova de máis para ter fillos, e eu si.

—Mira, Laura, lisca de aquí agora mesmo, ou non respondo! Ti non es quen para te meteres na miña vida privada.

—Si, claro. Pero ti si que te podes meter na miña! —exclama Laura, a un paso de romper a chorar.

—Luís fai un esforzo último por conterse. Tenta replicar con toda a calma que pode, que xa non é moita.

—Eu non me quero meter na túa vida. Só me meto nas cuestións que afectan ao traballo. Comprenderás que se tes a cabeza na túa casa, non poderás tela nisto.

—Si, claro, agora fáltache dicir o de sempre: Ademais as mulleres non sabedes de negocios! —e remata:

—Mira, a ti non che falta de nada co que gaña Eduardo. Non tiñas nin por que traballar, se imos ao caso!

—Como a túa Helena, non? Vivan as mulleres floreiro!

—Deixa de meter a Helena nisto! —berra o home, descomposto—. Xa está ben, e para que o saibas: óxala foses coma ela. Helena ten clase, non é coma ti.

—Porque usa wonderbra e pon botox? Por iso ten clase, Luís?

—Pois mira, si. Por iso. Por iso, e porque só me toca os mesmísimos na intimidade, cando eu quero. Pero ti xa non mos vas tocar máis, xúrocho! Se eu fose Eduardo, púñate no teu lugar. Considérate despedida! Non quero verte máis por aquí. Por min coma se queres ter familia numerosa!

—Es un cabrón, Luís! Do peor que me teño botado á cara —Laura tirallo o mangado de papeis que ten na manriba da mesa. A metade caen ciscados polo chan.

—Sabes o que che digo? Que o sinto por Helena. Aínda que teña tan poucas neuronas como tivo para escollerte, non merece un paleolítico coma ti. Aí podrezas!

Laura sae, sen volver a vista atrás, e pecha a porta con forza. A folla bate contra o marco con tanta violencia que estremece.

—Mulleres... —murmura Luís entre dentes, aínda coa boca aberta.

Diante do Bar Airiños. Polígono de Vite, Santiago de Compostela

O mozo, cun casco de moto na man e outro enriba da mesa, prende un cigarro mentres mira fixamente en dirección á rúa que desemboca na praciña. Nela hai catro mesas dunha terraza mínima, onde el agarda. Está sentado na sombra do toldo, que se agradece na solaina dun día moi caloroso. Enriba da mesiña, hai varios xornais e un cinseiro con moitas cabichas.

Unha rapaza nova chega onda el. Vén sofocada, coma se chegase correndo.

O mozo non perde o tempo en saúdos.

—Hostia, Mayra, quedamos ás cinco! E mira que horas son!

—Vaia recibimento. Nin me dás un bico, só sabes berrarme!

Roi dállo sen moito entusiasmo. Mételle présa.

—Sempre igual! Nin un puto día a tempo! Veña, sube á moto, que marchamos. Xa non sei se chegaremos a tempo de ver empezar o partido.

—Agarda, antes teño que ir ao baño.

—Mecago en tal, tía! Tesme ata xa sabes onde.

—Roi, por favor, non te enfades. Estiven con Tania.

—Con Tania? O que faltaba!

—Pero que che fixo Tania? É boa rapaza, se nin sequera a coñeces.

—Nin falta que me fai. Non a trago, non soporto vela diante, e xa está. Nin quero que a vexas ti. Xa sabes que non me gusta nada que andes con ela. Quedáramos niso!

—Veña, Roi, por favor. Non te poñas así. Ela insiste. É amiga miña de sempre.

—Xa está ben. Díxencho daquela, e non teño por que repetircho: se queres andar á túa bóla, pois anda á túa bóla, anda con quen queiras. Pero se estás comigo, estás comigo. Non é coma se non estiveses, para o que che convén.

—Veña, Roi. Vale... Vou ao baño, e saímos para o partido. Falamos logo, cando acabe o xogo, con máis calma.

A moza entra no bar. Entrementres, Roi, que esmagou coa punteira do zapato o cigarro que fumaba ao vela chegar, engurra o cello.

Senta outra volta na mesa, e acende outro cigarro.

Ao cabo duns minutos, sae Mayra.

—Ímonos, Roi?

—Senta, quero falar contigo. Non teño ganas de ir ao partido, xa me estragaches o día. Teño cousas que dicirche.

—Pero, Roi, se xoga o...

—Xa sei quen xoga, carallo! Fun eu quen cho dixer, ou que? Que saberás ti de fútbol?

—É porque falei con Tania? Enrabechácheste por iso?

—É porque fas o que che dá a gana, Mayra. Non contas comigo para nada. Eu non podo seguir así. Ben que che dixer que non puxeras máis esa blusa. Nin esa saia que traes tampouco. E volves con elas postas, e aínda por riba tarde!

—Que ten de malo a miña roupa? É só que non pasei pola casa para mudala, pero...

—Que ten de malo? Que ten de malo? Que parece unha da rúa, xa me entendes. Iso é o que ten de malo.

—Pero Roi...

—Nin Roi nin gaitas, ou que pensas, que me gusta que todos che miren os peitos? Ou as pernas? Non imos á piscina, a ver se te decatas. Iamos ao partido. E ben que cho dixer, pero falar contigo é como falar cunha parede.

—Coa calor que vai, que queres que poña?

—Que che falta por quitar, quererás dicir? E logo eu ando en camiseta de tiras, eh? Ou ensinando os calzóns. Dime.

—Non é para tanto, Roi. Só é unha camiseta cunha saia. Non vou espida.

—Iso son eu quen ten que dicilo, non si? E logo, cando vivamos xuntos vas seguir facendo o que che dea a gana, eh? É que a miña opinión non conta para nada?

—Roi, déixao, estás sacando as cousas de quicio. Digoche que se continuas así...



—Que, que vas facer? Vasmе deixar por un prin-gado coma o que tiñas, que nin se preocupaba de ti para nada? Iso queres? Volver con el, ou con outro polo estilo? Pois vaite.

—Roi, eu quérote. Pero esta maneira túa de ser...

—Que me queres, dis? Pois demóstrao!

Apartamento na Choupana, Santiago de Compostela

O home abre a porta coa chave sen chamar ao timbre. Afrouxa o nó da gravata xa antes de rematar de abrir. Nada máis entrar no piso, un can dóberman achégase a el movendo o rabo. O home pon mala cara. Deixa saír o can, entra ata a cociña.

Unha muller agobiada, prematuramente vella, está rematando de dispoñer a mesa. As cazolas ferven, e a mirada dela foxe da do seu home, que bota lume.

—Ola, Óscar, xa viñeches. O xantar vai estar...

—Pero aínda non sacaches o can a pasear, hostia! —interrompe o home, fóra de si, sen deixarlle acabar a frase—. E sabes outra novidade? Hoxe déronme recor-dos para ti, un admirador teu, seica. Ramiro Casais. Lémbraсте ben del, non? Sempre has ser a mesma, furcia. Non has dar unha a dereitas!

—...

—E por que non tes isto máis limpo? O can sen sacar, e a comida, que? Onde carallo está a comida? Que merda. Eu mazándome a traballar todo o puto día, e cando chego, que atopo? Eh? Dime ti que atopo? A casa chea de merda, todo cotroso. E o xantar

a medias! Aínda por riba! Non sei que carallo fas en todo o día!

—Óscar, por favor, non te poñas así. —Esther suplica, coma se iso puidese contelo. Os seus ollos escuros presenten o estourido da catástrofe.

—Que non me poña así, hostia! E logo como queres que me poña? Dime ti se non é para poñerse así, logo. O único que tes que facer en todo o día. E nin por esas!

—Xúrocho, Óscar. Foi miña nai que me chamou, tívome ao teléfono unha chea de tempo. Case non lle entendía o que me dicía, pero non lle podía colgar. Ti sabes como quedou da quimioterapia...

—Quimioterapia, quimioterapia. Sempre o mesmo conto! A túa nai é outra furcia coma ti, outra que non fai nada en todo o día. Dáme unha cervexa polo menos, hostia!

—...

—A ver, tes algo máis que dicir? —Óscar toma un grolo longo, directamente da botella, e mira para ela.

—...

—Oíches, Esther, estou falando contigo? Que dixeches?

—Nada, Óscar. Tes razón, imos xantar —A muller óllao e dubida antes de seguir—. Só dixen que a miña nai...

—Merda, a min non me veñas con máis contos! Desgraciada! Sempre a mesma merda. Túa nai, túa nai. A nai que te pariu! —unha pancada do home varre os vasos e os pratos da mesa. Un vaso esnaquízase contra a porta do lavalouzas e parte en mil anacos.

—Óscar, por deus! Os veciños!

—Os veciños, os veciños. Que carallo me importan a min os veciños! Se tiveses as cousas feitas como tiña que ser non había que andar así. Bandallo, que es un bandallo! Furcia, me cago en todo!

—Óscar, por favor. Cálmate!

—Desgraciada, que me calme. E como me hei de calmar! O que tiñas é que mover o cu! Voute quen-tar, a ver se aprendes. Hasmas pagar, dunha vez por todas.

Berros, golpes, insultos. O forno da cociña comeza a dar pitidos. Esther mete a cabeza entre as mans e anícase. O home vai cara a ela, pisando cristais.

No piso de arriba, unha parella, amodorrada no sofá diante do televisor, alármase co balbordo.

—Xa están outra vez eses. Había que facer algo, Raúl —di a muller.

—Que queres que fagamos, Ana? Xa avisei o administrador da comunidade. Que chame el á policía, que para iso cobra. Outra cousa non podemos facer. Non quererás que lle me poña diante a ese mamón.

—Pobre Esther!

—Pobre Esther, e que lle imos solucionar nós? Ese Óscar é un túzaro. Mira para un coma se estivese esperando para che partir a cara. Xa nin quero subir con el no ascensor.

Os ruídos no piso de abaixo recrúan. Ana érguese do sofá.

—Isto non hai quen o ature, Raúl. Non quero escoitalo máis.

—Ana, que non é para tanto!



—Non sei, pero esa muller dáme pena. Non me explico como o pode aturar. Ás veces danme ganas de dicirlle catro cousas a esa mala besta.

—Si, ho! Métete en problemas, que temos poucos. Mira ti, imos andar nós redimindo a xente. Xa viches que nin os pais nin os irmáns dela veñen. E se a súa familia non lle bota unha man, ímolo facer nós, non? Ese animal sóltache unha hostia en menos do que tarda en pensalo.

—Pois eu non podoo seguir oíndo isto máis! Non o aturo! —Ana colle unha chaqueta e sae. Raúl sobe o volume do televisor.

No piso inferior, Esther, agachada, chora nun recuncho. Non hai palabras abondo para expresar a súa dor, e a súa impotencia.

*ViSon. Obradoiro de Post-Producción Audiovisual
(Bergondo)*

Raúl non pode apartar os ollos da pantalla, está asombrado polo que ve. Tenos abertos coma pratos.

—Como o conseguiches? Isto é demasiado! Non vira cousa igual na vida. E levo visto moito.

—Non cho dixen? —pregunta un Eduardo fachendoso—. Custoume ferro e fariña, pero vendéronmo ao final. Non che digo por canto, igual rías. Pero alí son cartos. E aquí tamén, se me apuras.

—É que se ve todo, machiño! Nin os irmáns Coen. Isto é caviar, puro caviar.

—Vánnolo quitar das mans. Pero así e todo hai que editalo algo. Non moito. Que se siga vendo auténtico, pero hai que quitar aquí e acolá. Sóbranlle un par de minutos.

—Si, xa sei onde dis –manipula nos controis–. Salvamos o máster, logo; e cargamos outra copia para editar.

—E cando pensas sacalo, colega? –pregunta Raúl, sen erguer a vista dos taboleiros.

—Canto antes, pero hai que escoller o día. Tampouco é cousa de poñelo este mércores, que hai Copa de Europa e iso sempre quita audiencia.

—O xoves, logo.

—Si, o xoves é bo día, vouno lanzar en 8TMV. É a de máis *share*. Xa llo apalabrei a Ocampo. Aínda non viu nada, pero xa se lle fai auga na boca...

—En *oito-tele-morralla*? Non me fodas, Eduardo!

—Que querías, entón? Na dúas, nos espazos culturais? En que mundo vives, Raúl? Iso non é problema noso. É a que mellor paga. É a que ve máis xente. A min, con iso, abóndame.

—Home, dende ese punto de vista tes razón. –Os dous homes enterran a cabeza nos monitores.

As imaxes, estarecedoras, desfilan e repítense.

—Aí, corta. Nesa xusta!

—...

—Súbelle un pouco o son!

—...

—Quítalle esa esquina....

Horas máis tarde están exultantes. Raúl saca un cigarro dun paquete e ofrécelle a Morán.

—Faiche un pito, Eduardo?

—Deixei de fumar hai anos. Pero a ocasión meréceo. Dáme lume!

—Agarda, temos que ir fóra. Se se decatan de que fumamos aquí, quéntanme as orellas.

Saen fóra por un corredor baleiro, acristalado. É de noite tras dos vidros. Pero non por moito tempo, as primeiras luces do abrente asexan tras do piñeiral.

—Por certo, Eduardo? Como che van as cousas con Laura?

—Con Laura, dis? Non van de ningunha maneira. Deixámolo. Eu aínda son novo para ser pai. Vale, xa sei que non son ningún rapaz, pero que se entenda ela soa, se aborta ou non é cousa súa. Non miña. Non quero falar diso.

—Tes razón, desculpa. E os teus pais?

—Aí andan na aldea, cos seus achaques. Coma sempre. Por certo, que tal está Ana?

—Ben, xa sabes que é un pouco maniática. Agora deulle por querer redimir a xente. Temos uns veciños que montan algo de barullo, e iso pona nerviosa.

—Vai ser mellor que vos mudedes a unha casa de campo por aquí, é onde tes o curro. E que deixedes Santiago.

—Home, pois é verdade. Tes razón. Se cadra iso era a solución, pero valen un pico.

—Cando cobremos isto, vaiche tocar unha boa tallada. A fin de contas tamén me financiaches, para poder ir buscalo.

—Conto con iso, pero Ana éche medio rara. Non sei se quererá deixar o consultorio.

—Dimo a min. As mulleres non hai quen as entenda. Esa trapallada de consultorio non lle debe dar nin para gastos.

—Velaí tes, pero a ver quen a saca de Santiago. Mira que llo teño dito veces: que os ingresos da consulta non dan nin para a calefacción. Pero nada, parece a madre Teresa de Calcuta. Polo menos esa non lle fixo mal a ninguén...

—Dilo polo do vídeo, non?

—É que é forte de carallo. Non digas!

—Amigo, nós non temos a culpa. É a incultura. Ou a relixión, eu que sei. Nin quero sabelo. A min tanto me ten.

—Tes razón outra vez, Eduardo. Cada un que lamba o seu rabo, como di o meu pai.

—Ao teu pai tamén lle chega de bruto.

—Comparado cos do vídeo, nin bruto nin nada.

—Non, niso tes razón, meu. Neses países parecen doutra caste.

—A ver cando se civilizan.

Guión do telexornal do xoves noite (8TMV). Prime time

Señoras e señores espectadores: Advertímoslles que o vídeo que verán a continuación pode ferir a sensibilidade dalgúns de vostedes. As impactantes imaxes corresponden ao suplicio ao que foi sometida en Bangladesh unha rapaza de catorce anos, Mosameet Hena. A menor, acusada de manter relacións ilícitas cun dos

seus primos, un home de corenta anos, foi condenada por un tribunal local islámico a recibir cen azoutes cunha cana de bambú. A execución da sentenza levouse a cabo diante de testemuñas, pero sen presenza de cámaras autorizadas, o pasado mes de xaneiro de 2011, na localidade de Naria, a uns 55 quilómetros de Dacca, capital do país. Como verán nas imaxes, sacadas con risco para a súa vida por un dos nosos xornalistas, a menor desvanécese durante a brutal agresión, sen que chegue a completarse a totalidade do castigo, sendo levada a un hospital onde non lle puideron salvar a vida.

Ante a contundencia da gravación e a dureza destas imaxes, a dirección desta cadea contemplou a posibilidade de non emitilas. Non obstante, o respecto ao exemplar traballo xornalístico dos nosos reporteiros, que é de sempre norma central desta casa, lévanos a optar porque sexan vostedes mesmos quen xulguen as imaxes, que non foron manipuladas nin supuxeron contrapartida económica ningunha para esta cadea. O noso único obxectivo ao divulgalas é o de denunciar estas situacións que asoballan as mulleres nesa parte do mundo, e que son unha lacra coa que debemos rematar entre todos. (*Dentro vídeo*)